

ESCOITAR O MUNDO

REAL FILHARMONÍA
DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

Xoves 27 abril 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

FLORES ITALIANAS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Nil Venditti, directora

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con... Nil Venditti



PROGRAMA

I

LOUISE FARRENC (1804-1875)

Sinfonía núm. 2 en Re maior, op. 35

Andante-Allegro

Andante

Scherzo: Vivace

Andante-Allegro

II

GIACOMO PUCCINI (1858-1924)

I Crisantemi (Os crisantemos)

FELIX MENDELSSOHN (1809-1847)

Sinfonía núm. 4 en La maior, op. 90 "Italiana"

Allegro vivace


Andante con moto

Con moto moderato

Saltarello: Presto

Duración aproximada do concerto: 85 minutos (con pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.



REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde xaneiro de 2023, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora invitada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Directora

Nil Venditti

VIOLÍNS I

Teimuraz Janikashvili
(concertino convidado)
Adriana Winkler (axuda de
concertino)
Anca Smeu **
Yulia Petrushevskaya
Daniel Kordubaylo
Claudio Guridi
Victoria Jurov
Ilya Fisher
Anna Alexandrova
Michal Ryczel
Daniel Rodríguez ***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Gyula Vadaszi
Helena Sengelow
Samira Ajkic
Kiyoko Ohashi
Irina Gruia
Enrique Roca
Elina Viksne
Ramón Rodríguez-Peña ***

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Timur Sadykov
Oxana Bakulina
Iriana Fernández
Anne Schlossmacher
Ionela Ciobotaru

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Carlos García
Thomas Piel
Millán Abeledo
Manuel Lorenzo
Robrecht de Roeck ***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Anxo Leitao (R)

FRAUTAS

Aleix Vaqué (R)
Carlos Cascales ***

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **
Rosalba Olivares (R)

CLARINETES

Vicente López *
Miguel Peñarroja ***

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Jordi Ortega *
Xavier Ramón **
Alfredo Varela *

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Llátser **

TIMBAL

José Vicente Faus *

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

NIL VENDITTI DIRECTORA

A directora italo-turca Nil Venditti está comezando a destacar por establecer relacións con importantes orquestras e conxuntos de todo o mundo. Entre o máis destacado das últimas temporadas inclúense colaboracións coa Orquestra Nacional do Capitolio de Toulouse, Orquestra Nacional de Lille, Orquestra/Ópera Nacional de Bordeos Aquitania, Real Orquestra Filharmónica de Liverpool, Orquestra Ulster, Orquestra Sinfónica de Lucerna, Camerata de Salzburgo, Orquestra de Cámara de Stuttgart, Ópera Nacional Irlandesa, Orquestra Filharmónica dos Países Baixos, Orquestra da Arena de Verona, así como a Orquestra da Toscana, da que foi principal directora convidada desde xuño de 2020 ata maio de 2022.

Na temporada 2022/23, Venditti volve dirixir a Orquestra de Pau, a Orquestra de Cámara de Stuttgart e a Filharmónica Estatal de Transilvania. Tamén debuta

coa Orquestra da Ópera de París, a Orquestra de Mulhouse e a Orquestra Nacional dos Países do Loira en Francia; a Filharmónica de Cámara alemá de Bremen, a orquestra do Staatstheater de Stuttgart e a Orquestra Filharmónica de Dresde en Alemaña; Sinfónica de Castilla y León, Sinfónica de Asturias, Real Filharmonía de Galicia e Orquestra de Extremadura en España; Orquestra da Tonhalle de Zúric e Orquestra Sinfónica de Basilea en Suíza; Sinfónica de Helsingborg, Orquestra de Cámara de Helsinqui e Dalarna Sinfonietta nos países nórdicos; a BBC Orquestra Nacional de Gales e a Real Sinfónica do Norte no Reino Unido; e a Filharmónica de Belgrado en Serbia. En Turquía, colabora coas orquestras ASSO Izmir, Sinfónica Estatal de Istanbul, Sinfónica Estatal de Antalya e Sinfónica Estatal de Izmir. Venditti tamén debuta nos Estados Unidos na primavera de 2023 coa Orquestra SFCM de San Francisco.

Cunha gran afinidade por Haydn, Mozart, Mendelssohn e Beethoven, o repertorio de Venditti amplíase cada vez máis para incluír a Brahms, Schumann, Dvořák, Rachmaninov, Stravinsky, Chaikovski e Debussy, entre outros. O seu interese pola programación contemporánea levouna nas últimas temporadas a centrarse nas obras de Fazil Say (cuxa *quinta Sinfonía* estreará no Bremen Musikfest), Peter Maxwell-Davies, Fabien Waksman, Lepo Sumera, Caroline Shaw e Nicola Campogrande. Segue destacando no xénero operístico, dirixindo recentemente óperas como *Così fan tutte*, *L'elisir d'amore*, *The Lighthouse*, *Carmen* e *Tosca*.

Venditti é unha defensora da busca de experiencias inclusivas para novos públicos. Dirixiu o *Concerto para público e orquestra* de Nicola Campogrande, encargado orixinalmente para a Filharmonía de París, no que o público recibe kazoos e caramelos de menta envoltos en plástico para interactuar coa orquestra e ser

dirixido como parte da actuación. Dirixiu a obra por primeira vez no 2016 para un público de 2.000 persoas ao aire libre en Matera (Italia), e coa Orquestra Filharmónica Eslovena en setembro de 2019. A temporada pasada, Nil dirixiu a primeira ópera comunitaria de realidade virtual da Ópera Nacional Irlandesa, *Out of the Ordinary*, que se desenvolveu para e con persoas que viven en toda Irlanda, situando as comunidades no centro do proceso de creación da ópera.

Venditti formouse en dirección de orquestra na Zürcher Hochschule der Künste baixo a dirección do profesor Johannes Schlaefli, ademais de asistir á Academia de Dirección asociada ao Festival de Música de Pärnu con Paavo Järvi, Neeme Järvi e Leonid Grin. En Italia, graduouse en interpretación de violoncello con Francesco Pepicelli e en dirección de orquestra con Marcello Bufalini.

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

Coñecida polo apelido do seu marido, Louise Farrenc naceu en París nunha familia acomodada na que homes e mulleres eran artistas como o seu pai, o escultor August Dumont. Axiña amosou o seu talento para a música sendo apoiada polos seus nunha época na que as mulleres só eran tidas en conta como intérpretes ou, en último caso, como compositoras de pezas de salón. Moi nova, Louise estudou piano e composición con Anton Reicha, amigo de Beethoven que tamén foi profesor de Liszt e Berlioz, entre outros e en 1821, casou co frautista Aristide Farrenc, co que compartiu o desenvolvemento de prósperas carreiras. O Conservatorio de París, que rexeitara ter en conta o seu ingreso como estudante por ser muller, aceptouna como docente en 1842 chegando a ter cátedra e pagándolle co mesmo salario que aos seus colegas masculinos. Foi unha das profesoras de piano máis importantes de Europa, editora

xunto ao seu marido e, ademais, desenvolveu un interesante papel no eido da investigación musicolóxica iniciando un ciclo de “sesións históricas do piano” na parisiense Sala Érard, que a converteron na precursora do renacemento da música francesa para clave. Comezou a publicar as súas obras con vinte e un anos e a súa produción inclúe cincuenta e unha pezas numeradas, principalmente música de cámara, partituras para piano, obras para diversas combinacións tímbricas como o *Noneto*, op. 38 para vento e corda pero tamén as súas complexas obras orquestrais, dúas aperturas e tres sinfonías. Desconforme cos gustos burgueses parisienses pola ópera e a música de salón, Farrenc seguiu os ideais da música absoluta alemá, exemplificada por Beethoven e a súa *Segunda Sinfonía* que foi un dos logros notables para unha muller que compoñía nun entorno incómodo pois, naquela época, a aversión francesa polas formas alemás

aínda non era tan considerable como que a autora fose muller. A *Sinfonía núm. 2 en Re maior* (1846) refírese claramente á *Segunda* de Beethoven e a música de Farrenc funciona case como un comentario sobre a obra do de Bonn, a cuxa sombra non teme a compositora, como lle sucedeu a Brahms. A música da francesa é gozosa e divertida, como se ela entendera o humor de Beethoven antes que os seus coetáneos. A sinfonía foi estreada poucos meses despois de ser rematada e xa na introdución do primeiro movemento evoca a música de Beethoven. O *Andante* presenta un tema lixeiro cuxos trazos lembran á Escola de Viena, alternando partes orquestrais con outras máis solísticas. O terceiro movemento é un *scherzo* que contén un *trío* contrastante con intervención da madeira. Para rematar, un *Andante, Allegro*, o máis característico da obra, que comeza de modo arcaico, seguido dun tema que dominará todo o movemento e no que a

compositora emprega un amplo *fugato*, posiblemente, como homenaxe a Bach.

Giacomo Puccini pertenceu a unha familia de músicos da vila de Lucca, preto de Florencia, onde comezou os seus estudos musicais chegando a ser infante de coro ademais de organista en varias igrexas da contorna. Bo coñecedor da música de Wagner e atraído polo teatro e a música que puidese ser representada, Puccini viaxou a Milán para estudar no Conservatorio desa cidade e, pese a ser recoñecido na actualidade como un dos compositores de ópera máis exitosos da historia, alí escribiu unha vintena de pezas instrumentais entre as que destaca a titulada *I Crisantemi*. A partitura está composta en 1890, cando xa tiña estreadas dúas das súas óperas (*Le Villi* e *Edgar*), como elexía para render homenaxe trala morte do seu amigo Amadeo de Savoia,

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23


segundo fillo do rei Víctor Manuel II de Italia. Pensada para cuarteto de cordas é unha obra sinxela, emotiva, íntima, nun único movemento continuo de carácter solemne e sombrío que amosa a tristura do compositor. En *I Crisantemi* (nomeada deste xeito por ser a flor lutuosa máis típica en Italia), Puccini constrúe o discurso musical a partir de dúas ideas melódicas: unha, intensa na emoción, dúctil, recoñecible polos seus matices cromáticos a través das seccións orquestrais e outra que asemella un lamento, máis lírica, de perfil interválico quebrado representado polos violíns primeiros e dobrado polos violonchelos en tesitura aguda. Ambas as melodías características da traxedia e a dor, foron reutilizadas polo compositor na súa ópera *Manon Lescaut* (1893) para representar o fatal destino da protagonista.

Poucos compositores creceron nun entorno tan propicio como Felix Mendelssohn-Bartholdy

pois naceu no seo dunha familia xudía rica, económica e intelectualmente, da alta burguesía —o seu avó Moses foi filósofo e un dos principais representantes do Iluminismo alemá—. Así, recibiu unha educación humanística impecable a cuxo enriquecemento intelectual contribuíron as relacións familiares cos irmáns Schlegel, Hegel, E.T.A. Hoffmann, Wieck e outras personalidades que, posiblemente, estimularon as dotes musicais dun intelixente neno prodixio que na adolescencia escribe composicións esenciais da música romántica, como o *Octeto para corda*, o *Cuarteto de corda en La maior* ou as aberturas orquestrais *O soño dunha noite de verán* e *Mar en calma e viaxe feliz*. Baudelaire escribiu: “Hai tantas interpretacións do Romanticismo como románticos” como evidencia das contradicións dese movemento da primeira metade do século XIX mais a calidade de romántico de Mendelssohn, á

vista da súa relación co pasado e do reflexo sentimental das súas obras, é innegable. Malia todo —a súa técnica fluída, o seu estilo elegante, as súas melodías e a súa música harmoniosa e serena— as construcións do autor son esencialmente clásicas, impregnadas de sentimento e cor e especiais na descrición apaixonada de escenas de xeito suave, sen chegar aos excesos pasionais do Romanticismo. Beethoven inspirou a moitos músicos —como Louise Farrenc— co seu infinito talento para expresar a través da música sinfónica sentimentos, aventuras, dramas heroicos, transformando formas clásicas como a sonata e utilizando xéneros como a sinfonía, o concerto ou o cuarteto de corda. Tamén Mendelssohn foi un dos músicos beethovenianos dese período que se distingue pola súa radiante felicidade e pola sensación dun europeísmo vivido fundamente. Así foi un dos primeiros artistas en viaxar por Europa aberto a novas sensacións

e experiencias inspiradoras e, entre 1830 y 1832, unha viaxe por Italia marcou a súa carreira abrazando os valores clásicos da claridade e a regularidade, que tanto se axustaban á súa personalidade. A estancia en Roma do músico alemán inspirou a composición da célebre *Cuarta Sinfonía 'Italiana'* que recolle a súa impresión sobre Italia como un país cuxa natureza “dispensa felicidade”. Mendelssohn afirmou que encontrara as ideas “nas ruínas, as paisaxes, a ledicia da natureza”, e deu como resultado a música dun acreditado paisaxista, de alguén cativado pola luz mediterránea e imbuído polas antigas lendas do país, unha sinfonía que o musicólogo Leon Plantingan definiu como “un auténtico modelo de orde e método, tanto desde o punto de vista da estrutura formal como da métrica e rítmica, todo iso aderezado coa gracia melódica que caracteriza a




REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA DE ABONO 2022-23

escritura de Mendelssohn, así como cun colorido orquestral sabiamente debuxado”. A *Sinfonía Italiana* estreouse en maio de 1833 na Sociedade Filharmónica de Londres e está composta en catro movementos: un *Allegro* cheo de enerxía e alegría na clásica forma de sonata, un nostálxico *Andante* inspirado nun canto bohemio de peregrinos, o *Scherzo* que posúe a atmosfera dun bosque encantado e advirte o *Nocturno* de *O soño dunha noite de verán* segundo François-René Tranchefort e, por último, un *Presto* que transmite a idea rítmica dunha tarantela napolitana para finalizar de xeito brillante.

2023



PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 4 maio 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

SONS DO LESTE

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

Nemanja Radulovic, violín

- Aram Khachaturian: Concerto para violín
- Leoš Janáček: Taras Bulba
- Zoltán Kodály: Danzas de Galanta

Xoves 11 maio 2023

Auditorio de Galicia, 20:30 h

SEN PALABRAS

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Andreas Ottensamer, director e clarinete

- Felix Mendelssohn: Suite de *Lobgesang*, op. 52, e *Cancións sen palabras* (arr. A. Ottensamer)
- Piotr Ilyich Chaikovski: Sinfonía núm. 1 en sol menor, op. 13 TH 24, "Soños de Inverno"

Sala Mozart 19:45 h

Conversando con... Andreas Ottensamer



C

Compostela
Cultura

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura



@rfgalicia
@CCultura



@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura



CONSORCIO DE
SANTIAGO



GOBIERNO
DE ESPAÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO



XUNTA
DE GALICIA



AUDITORIO DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA